



A programación das Radios Municipais Galegas

Hoxe é Xoves 21 de Marzo de 2013

Radiofusión en directo

Actualidade Participa Programas Emisoras Coñécenos


Actualidade > Ficha da nova

Ficha da nova

Enviar comentario

Davide Salvado no Toxos e Froles de Ferrol

O vindeiro Sábado 23 de marzo ás 20:30 horas o local do Real Coro "Toxos e Froles" da rúa Magdalena 220 de Ferrol acolle un novo concerto, dentro do programa Xornadas de Cultura Aberta, que neste ano 2013 están a converterse nun referente da música tradicional na nosa cidade. Nesta ocasión a un músico chegado dende Compostela, Davide Salvado, que amosará o seu traballo "Árnica Pura". Xirando aínda co espectáculo de "Árnica Pura" e compaxinándoo co seu labor de docente de pandeireta e canto tradicional en diferentes escolas, Davide Salvado está xa gravando o seu novo traballo. **Na primavera de 2013 verá a luz un disco cento por cento galego**, no que a voz e as percusións tradicionais teñen o protagonismo, cunhas colaboracións de luxo. Un traballo feito desde o corazón, un agradecemento a todas esas pandereteiras e bailadoras maiores, mulleres fortes e anónimas, que ensinaron a Davide a ser o que é.



Cartaz do concerto

Sociedade • 20/03/2013 • Autor: Redacción

Davide Salvado (Marín, 1981) é sen dúbida unha das voces máis carismáticas do noso país. De formación autodidacta, leva media vida recorrendo as aldeas galegas na procura de ritmos, coplas e danzas. De todas esas mulleres que foi atopando, aprendeu non só a tradición na música, se non todo un xeito de vivir. O amor a todas esas prácticas tradicionais, a fía, a cestería, a agricultura, o respecto á terra e á lingua, fan do xeito de entender o canto para Davide moito máis que simplemente música.

No 2004 entra a formar parte, xunto a Ugia Pedreira (Marful), Ramon Pinheiro e Richard Rivera, do grupo Ecléctica Ensemble, formado no Conservatorio de Música Tradicional e Folque. Pouco despois, uniuse como cantante e percusionista á banda do recoñecido gaiteiro Xosé Manuel Budiño, coa que xirou por escenarios de medio mundo. A súa versatilidade permitiulle achegarse tamén a xéneros como o cabaret. Así formou xunto a Pepa Yáñez a compañía Cabaret d'Aquí, que destacou cos seus espectáculos "Unha noite no muíño non é nada" e "O negro vai con todo", neste último acompañados de Nacho Muñoz. Tamén no teatro, foi parte do elenco de "As Dunas" do Centro Dramático Galego, e do musical "Dillei", de Carlos Blanco.

Na actualidade, é voz da Banda das Crechas, grupo residente da mítica Casa

Buscar novas e arquivos

Buscar

Publicidade

digital
terra chá.xa

Axenda

RadioFusión no Facebook



Enquisa

Quen son os culpabeis da crise económica?

- Os banqueiros e as grandes inmobiliarias (66.6%)
- A corrupción política (29.6%)
- A escasa produtividade (3.70%)

Votar

Últimas descargas MPEG audio

[Gumersindo Galego](#)

[O Dr José Francisco García](#)

[Mar Fontela](#)

[Rocío Bértola](#)

[O segundo adestrador da S.D. Barallobre Víctor Domínguez explica a recuperación do equipo](#)

[Helena Gómez, presidenta de Confapa Galicia, analiza a reforma do modelo de comedores escolares](#)

[Montse Fajardo](#)

[A tradición oral de Galicia, segundo Pedro Brandariz](#)

das Crechas compostelana, coa que gravou o seu disco homónimo. Davide ten ademais colaborado en varios traballos discográficos, como “Arrolos de Salitre”, o disco de cantos de berce editado por Xabier Díaz e Guillermo Fernández (Berrogüetto). No 2011, editou o seu primeiro traballo en solitario, “Árnica Pura”, producido por Eliseo Parra. Nel ofrécenos un repertorio moi variado, de músicas populares galegas e castelanas, romances, habaneras, cancións de autor... Un disco moi persoal no que Davide nos sorprende cunha escolla do que poderíamos chamar 'as súas cancións preferidas'.

[Compartir](#) |



Me gusta { 0

Comentarios:

< VOLTAR

[O adestrador do Eume Deportivo Fran Rodríguez louba o xogo do Maniños](#)

[Carlota Pérez, da Plataforma de Afectados pola Hipoteca Vigo-Tui, fala da campaña de presión social](#)

[Miguel Ángel Ríos, vicepresidente da RAGC, debulla a figura do Padre Feijóo](#)

[Voces das concelleiras fenesas](#)

[Polo, Noceda e Franco](#)

[O técnico do Barallobre Victor Domínguez pensa que é posible manter a categoría](#)

[Trini Pérez Labaca, da Marcha Mundial das Mulleres, explica as reivindicacións deste 8 de marzo](#)

[Valoracións do pleno](#)

[Bullo e Pereira](#)

[David Fernández Abella dirixe a pescuda da Ragazzona](#)

[A autora de "Sillobre ven de antigo" María Rivera fala das lavandeiras](#)

[Emma González, directora adxunta de Expourense, explica os contidos do Salón Xantar](#)

[Manuel Polo](#)

[Iván Puentes](#)

[O decano dos Enxeñeiros de Camiños, Carlos Nardiz, debulla a situación dos camiños históricos en Galicia](#)

[O adestrador](#)

[Gonzalo Beceiro](#)

Novas anteriores

Se queres ver,
accede aquí á
**antigua web de
Radiofusión**

Praza do Concello s/n, 15500 Fene (A Coruña) Galiza - Tfno. 981 492 773 - Fax 981 492 772

• [Nota Legal](#)

Actualidade • [Novas](#) • [Axenda](#) • [Podcast](#)

Participa • [Fai Novas](#) • [Enquisas](#) • [Foros](#)

Programas • [A Base do Deporte](#) • [Onda Rural](#) • [Mulleres emprendedoras](#) • [Músicas e Letras](#) • [Portugal](#) • [Brasil](#) • [Comer en Galicia](#)
• [Rutas, eventos, escapadas](#) • [Televisión](#) • [A Bancada](#) • [Preescolar na casa](#) • [Festa do Cabalo](#) • [Efecto Dinamo](#)
• [Videoxogos e tecnoloxía](#) • [Zona Verde](#) • [A Fervenza](#) • [Patio de butacas](#)

Emisoras • [Radio Fene](#) • [Radio Eume](#) • [Radio Allariz](#) • [Radio Redondela](#) • [Radio Negreira](#) • [Radio Boiro](#) • [Radio Arzúa](#)
• [Radio Culleredo](#) • [Radio Monforte](#) • [Radio Ordes](#) • [Radio Cerceda](#) • [Radio Sada](#) • [Lugo](#) • [Radio Burela](#)

Coiñécenos • [Quen somos](#) • [Cobertura e Audiencia](#) • [Programación](#) • [Publicidade](#) • [Ligazóns](#)